

PROGRAMACIÓN DA INTEGRACIÓN DE FCT E PROXECTO
(Para alumnos que substitúen a Formación en Centros de Trabajo)

CENTRO: 27015891 IES DA TERRA CHA “JOSÉ TRAPERO PARDO”

GRUPO: CICLO SUPERIOR - TÉCNICO SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL

CURSO ACADÉMICO: 2019/20

1.- ANTEDECENTES:

Tendo en conta a situación excepcional debido ao Covid19, e seguindo a Resolución pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial, para a realización do módulo de Formación en Centros de Trabajo existe a opción de, integrar a realización da formación en centros de traballo e o módulo de proxecto nun único módulo cunha duración de 245 horas (FCT 220 horas e proxecto 25 horas), correspondentes á suma da duración prevista para eses módulos nos reais decretos de cada título. Neste módulo integráranse os resultados de aprendizaxe e os criterios de realización do módulo de FCT, e os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación do módulo profesional de Proxecto establecidos no currículo de cada título.

No ciclo hai 5 alumnos que se acollen a esta opción.

2.- REQUISITOS PARA A AVALIACIÓN:

Para acadar a avaliación positiva, determínase que os alumnos que optan por substituír a FCT realicen:

- **Un proxecto** (proxecto técnico) co guión que se expón mais abaixo, válido tanto para os alumnos que substitúen a FCT como para os que non.

Pero engadindo un:

- **Documento complementario de este proxecto** no que desenrolen unha de estas tres opcións:

- ✓ Opción A: Estudio de estrutura e organización das empresas do sector. Trátase dun estudio para definir a tipoloxía das empresas que levan a cabo traballos dos descritos no seu proxecto.
- ✓ Opción B: Posta en práctica do proxecto. Trátase de analizar a posta en marcha práctica do proxecto por unha empresa real ou ficticia.

- ✓ Opción C: Ampliación do proxecto con outro produto ou servizo. Este produto o servizo podería consistir en: instalación de colmeas, aproveitamento de setas, extracción de resina, produción de castañas, colleita de plantas aromáticas e/ou medicinais, ornamentais ou de floraría, aproveitamento de biomasa ou aproveitamento de pasteiros ou cereais.

Neste documento se demostraría que se adquiren máis capacidades relacionadas coa FCT das que se poden comprobar coa realización unicamente do proxecto técnico.

3.- ACTIVIDADES A DESEÑAR POLOS ALUMNOS:

Descríbense a continuación as actividades a desenvolver polo alumnos en cada documento e os requisitos de presentación:

PROXECTO

ACTIVIDADES A DESEÑAR POLOS ALUMNOS (FASES DA REALIZACIÓN DO PROXECTO):

- Elixir o título do proxecto, establecer os obxectivos e identificar o seu alcance.
- Búsqueda de información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.
 - Descrición situación actual.
 - Descrición Proceso/Plan productivo.
 - Determinar as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación.
 - Identificar as axudas e as subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan
 - Definir e elaborar a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución.
 - Definir e elaborar a documentación necesaria para o seu deseño.
- Estudar e definir o proceso productivo, plan ou similar.
 - Prever os recursos materiais e persoais.
 - Identificar os aspectos que se deben controlar para garantir a viabilidade do proxecto.

- Establecer a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica e determinar os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.
 - Identificar as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.
 - Determinar os procedementos de actuación ou execución das actividades.
 - Identificar os riscos inherentes á posta en práctica e definir o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.
 - Planificar a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.
- Redacción do proxecto.
 - Definir a estrutura/índice do proxecto.
 - Redactar a memoria do proxecto.
- Realización dun estudo económico.
 - Realizar o orzamento.
 - Identificar as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto.
 - Realizar o estudo da viabilidade técnica do proxecto
 - Realizar unha valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica.
- Realización dun prego de condicións
 - Definir o procedemento de avaliación das actividades ou das intervencións
 - Definir os indicadores de calidade para realizar a avaliación.
 - Definir o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.
 - Definir o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro.
 - Definir e elaborar a documentación necesaria para a avaliación das actividades do proxecto.
 - Establecer o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos.
 - Individual
 - Distancia

- Establecer un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.

DOCUMENTO COMPLEMENTARIO

Opción A: Estudio de estructura e organización das empresas do sector

Trátase dun estudio das empresas do sector que poderían levar a cabo os traballos descritos no seu proxecto.

ACTIVIDADES A DESEÑOLAR POLO ALUMNOS

Débese analizar:

- Cómo soe ser a estrutura da empresa: tamaño, instalacións tipo, departamentos de que consta (organigrama), si fai todos os traballos ou ten xestorías ou encarga algúns traballos.
- Traballos principais que fan ou servizos que prestan.
- Organización dos traballos (quén organiza e supervisa, cómo e a distribución en equipos según os traballos a realizar, cómo é a supervisión da calidade e das medidas de prevención de riscos...).
- Persoal, de qué tipo e formación do persoal que demandan.
- Categorias e duración dos contratos.
- Tecnoloxías e maquinaria que máis se empregan. Si a teñen en propiedade. Coste da maquinaria/tecnoloxía.
- Principais provedores e clientes.
- Marketing, cómo se dan a coñecer ou captan clientes.
- Identificación das tendencias de futuro (según, por exemplo, cómo evolucionan as políticas; as demandas ou necesidades dos clientes/consumidores e tamén según o tipo de traballos que se están demandando nos últimos tempos). E relacionado con isto, as novas tecnoloxías ou formación dos traballadores que poden demandar.
- Estudio DAFO.
- Propostas de millora.

Opción B: Posta en marcha do proxecto

Trátase de analizar a posta en marcha práctica do proxecto por unha empresa real ou ficticia.

ACTIVIDADES A DESEÑOLAR POLO ALUMNOS

Descrición de:

- Empresa que vai executar o proxecto: descripción breve.
- Cáles son os provedores dos materiais precisos para os traballos.
- Qué persoal é necesario e con qué cualificación e tipo de contrato.
- Qué equipos de protección deben ter dispoñibles.
- A temporalización dos traballos: días para cada tarefa, tempo de inicio e tempo de finalización.
- Qué maquinaria é precisa para os traballos.
- Qué persoal realiza cada traballo e utiliza cada maquinaria (organización dos traballos).
- Quén é o responsable de supervisar cada traballo e cómo os supervisa, tanto en calidade como en respetar as medidas de prevención de seguridade.
- Quén se encarga de verificar que se cumpre cos diferentes criterios de calidade que se demandan á empresa (por exemplo nunha repoboación: tipo de planta, distribución da plantación, erosión dos terreos, prazos de execución, número de marras...) e qué fai si non se cumpre.
- O coste para a empresa (valoración económica detallada) dos traballos a realizar.
- A comparación co presuposto e co resto das previsións do proxecto

Opción C: Ampliación do proxecto con outro produto ou servizo

Por exemplo: instalación de colmeas, aproveitamento de setas, extracción de resina, produción de castañas, colleita de plantas aromáticas e/ou medicinais, ornamentais ou de floraria, aproveitamento de biomasa ou aproveitamento de pasteiros ou cereais.

ACTIVIDADES A DESENNOLAR POLO ALUMNOS

Trátase de:

- Definir o produto que se vai obter. Incluir tamén cal sería o destino previsto da produción, e cáles serán as formas de dar a coñecer o produto.
- Definir os traballos que hai que realizar acadar a nova produción.
- Indicar o persoal, medios e tempo necesario para por en marcha a nova produción.
- Distribuir os traballos de posta en marcha no tempo e no espazo tendo en conta a temporalización do proxecto.
- Detallar as producións que se esperan obter nos próximos anos.
- Organizar o aproveitamento do produto nos vindeiros anos.

- Definir o persoal e equipamento necesario para os traballos de aproveitamento, e supervisión dos traballos.
- Indicar cómo se realiza a supervisión da produción e da calidade da mesma, persoal e criterios.
- Prever as medidas de control fitosanitario necesarias.
- Seleccionar equipos e medidas de seguridade na posta en marcha e no aproveitamento.
- Valorar os beneficios económicos (hai que calcular os costes de implantación e de produción) e/ou doutro tipo que se esperan obter coa millora ou ampliación.

NORMAS DE ENTREGA DE PROXECTO E DOCUMENTO COMPLEMENTARIO:

- 1) PROXECTO: Obrigatoriedade da seguinte estrutura dos proxectos, a non ser que sexa unha temática que non se adapte a mesma:
 - Documento nº 1: Memória con anexos que conteña estudo económico de ser o caso.
 - Documento nº 2: Planos normalizados (caxetín), escalados.
 - Documento nº 3: Prego de condicións.
 - Documento nº 4: Presuposto.
 - Medicións.
 - Cadro de prezos nº 1: Prezos en letra.
 - Cadro de prezos nº 2: Prezos descompostos.
 - Presuposto.
 - Resumo xeral do presuposto.

- 2) DOCUMENTO COMPLEMENTARIO: Incluirase ó final do proxecto como si se tratase dun documento 5 pero co título que lle corresponda según a opción escollida: *Estudio de estructura e organización das empresas do sector* ou *Posta en marcha do proxecto* ou *Ampliación do proxecto: produción de ...*

- 3) Obrigatoriedade de entregar unha copia en papel e outra en soporte informático para facilitar a labor ó resto de compañeiros para próximas convocatórias. A obrigatoriedade de entregar unha copia en papel só se eximirá en caso de que non se poida acudir ó centro debido ás medidas de actuación exixidas nese momento fronte ó COVID19

Estructura das carpetas:

PROXECTO DE "TÍTULO DO PROXECTO E AUTOR"

1. MEMORIA.

1.1. MEMORIA

1.2. ANEXOS A MEMORIA.

2. PLANOS.

3. PREGO DE CONDICIÓN.

4. PRESUPOSTO.

5. DOCUMENTO COMPLEMENTARIO

- 4) Obrigatoriedade de levar índices, de levar texto xustificado, sen espazos en branco, (recoméndase levar copia en pdf para imprimir para que non se descompoña o texto).
- 5) O proxecto debe reflexar os coñecementos do ciclo no relativo a temática do proxecto.
- 6) Valorarase a dificultade e novidade do proxecto.
- 7) O alumno deberá coñecer e entender tódala linguaxe, sobre todo técnica, do proxecto.

FASE DE EXPOSICIÓN DO INFORME DO PROXECTO REALIZADO.

O prazo para a entrega dos proxectos para ser avaliados remata o luns día 15 de xuño de 2020. O alumnado será convocado polo profesor responsable do módulo de proxecto para espoñelo ante o equipo docente o venres día 19 de xuño de 2020. Si a exposición presencial do proxecto fose imposible debido ás medidas requeridas nese momento fronte ó COVID19, o alumno enviará en formato electrónico o seu proxecto (preferentemente en formato pdf) xunto con unha presentación en formato informático (tipo *power point* ou similar) na que se sintetizen e reflexen de maneira gráfica os elementos máis importantes do proxecto e un vídeo cunha duración máxima de 10 minutos.

Na presentación, tanto si é presencial como si se envía en formato informático e vídeo, se deben incluír os seguintes aspectos:

- 1) Enunciar os obxectivos do proxecto.
- 2) Describir o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector.
- 3) Describir a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño
- 4) Describir as actividades en que se divide a execución do proxecto.
- 5) Xustificar as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.
- 6) Xustificar as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.
- 7) Formular as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo, e se é o caso propostas de mellora.
- 8) Describir as actividades levadas a cabo e os resultados da ampliación do proxecto.
- 9) Realizar, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.
- 10) Empregar ferramentas informáticas para a presentación dos resultados.

4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Expóñense nas seguintes táboas os criterios de avaliación que se terán en conta, tratándose tanto dos correspondentes ó módulo de proxecto como dos correspondentes ó módulo de FCT pero están directamente relacionados cos contidos do proxecto ou co documento ampliado, neste último caso en función da opción escollida.

Criterios de avaliación correspondentes ó módulo de proxecto
<p>RA1. Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.</p> <ul style="list-style-type: none">– CA1.1. Clasificáronse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrecen.– CA1.2. Caracterizáronse as empresas tipo e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.– CA1.3. Identificáronse as necesidades máis demandadas ás empresas.– CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector.– CA1.5. Identificouse o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas.– CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto.– CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación.– CA1.8. Identificáronse as axudas e as subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan.– CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.
<p>RA2. Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.</p> <ul style="list-style-type: none">– CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.– CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto.– CA2.3. Identificáronse as fases ou as partes que compoñen o proxecto, e o seu contido.– CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e identificouse o seu alcance.– CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.– CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente.– CA2.7. Identificáronse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto.– CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño.– CA2.9. Identificáronse os aspectos que se deben controlar para garantir a calidade do proxecto.
<p>RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención</p>

e a documentación asociada.

- CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.
- CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.
- CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.
- CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.
- CA3.5. Identificáronse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.
- CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.
- CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica.
- CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución.

RA4. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.

- CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións.
- CA4.2. Defíníronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación.
- CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.
- CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro.
- CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.
- CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos.
- CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.

RA5. Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.

- CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto.
- CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das em- presas do sector.
- CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño.
- CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto.
- CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.

- CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.
- CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.
- CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.
- CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.
- CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados

A continuación refléxanse os criterios de avaliación que se comprobarán no propio PROXECTO, tendo en conta que os 5 alumnos que optan pola substitución da FCT están a realizar o proxecto dunha repoboación forestal:

Criterios de avaliación correspondentes ó módulo de Formación en Centros de Trabajo a comprobar no proxecto

RA4. Realiza operacións topográficas e describe o método e os medios de traballo.

- CA4.1. Interpretáronse planos, fotografías aéreas e mapas.
- CA4.6. Empregáronse sistemas de representación asistidos por computador.

RA5. Coordina e supervisa os traballos de xestión das masas forestais, para o que analiza os factores técnicos e as actuacións.

- CA5.1. Fíxose a implantación de parcelas.
- CA5.2. Utilizáronse os aparellos dasométricos.
- CA5.3. Cubicáronse árbores, masas forestais e biomasa.
- CA5.4. Supervisáronse os labores culturais sobre as masas forestais.
- CA5.5. Supervisouse a preparación do terreo e a eliminación da vexetación da zona que se vaia reforestar ou forestar.
- CA5.6. Realizáronse e comprobáronse os traballos de sementeira, plantación e reposición de fallas.

Nas seguintes táboas refléxanse os criterios de avaliación que se comprobarán no DOCUMENTO COMPLEMENTARIO, según a opción escollida:

Criterios de avaliación correspondentes ao módulo FCT para traballo Opción A: Estudio de estrutura e organización das empresas do sector

RA1. Identifica a estrutura e a organización da empresa, tendo en conta a súa relación coa produción e a comercialización dos produtos que obtén.

- CA1.1. Identificouse a estrutura organizativa da empresa e as funcións de cada área.
- CA1.2. Comparouse a estrutura da empresa coas organizacións empresariais tipo existentes no sector.
- CA1.3. Identificáronse os elementos que constitúen a rede loxística da empresa: provedores, clientes, sistemas de produción e almacenaxe, etc.
- CA1.4. Identificáronse os procedementos de traballo no desenvolvemento da prestación de servizo.
- CA1.5. Valoráronse as competencias necesarias dos recursos humanos para o desenvolvemento óptimo da actividade.
- CA1.6. Valorouse a idoneidade das canles de difusión máis frecuentes nesta actividade.

RA2. Aplica hábitos éticos e laborais no desenvolvemento da súa actividade profesional, de acordo coas características do posto de traballo e cos procedementos establecidos na empresa

- CA2.1. Recoñecéronse e xustificáronse:
 - Disponibilidade persoal e temporal necesarias no posto de traballo.
 - Necesidades formativas para a inserción e a reinserción laboral no ámbito científico e técnico do bo facer profesional.
- CA2.2. Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais e os aspectos fundamentais da lei de prevención de riscos laborais de aplicación na actividade profesional.

Critérios de avaliación correspondentes ao módulo FCT para traballo Opción B: Posta en práctica do proxecto

RA1. Identifica a estrutura e a organización da empresa, tendo en conta a súa relación coa produción e a comercialización dos produtos que obtén.

- CA1.1. Identificouse a estrutura organizativa da empresa e as funcións de cada área.
- CA1.3. Identificáronse os elementos que constitúen a rede loxística da empresa: provedores, clientes, sistemas de produción e almacenaxe, etc.
- CA1.4. Identificáronse os procedementos de traballo no desenvolvemento da prestación de servizo.
- CA1.5. Valoráronse as competencias necesarias dos recursos humanos para o desenvolvemento óptimo da actividade.
- CA1.6. Valorouse a idoneidade das canles de difusión máis frecuentes nesta actividade.

§ **RA2. Aplica hábitos éticos e laborais no desenvolvemento da súa actividade profesional, de acordo coas características do posto de traballo e cos procedementos establecidos na empresa.**

– CA2.2. Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais e os aspectos fundamentais da lei de prevención de riscos laborais de aplicación na actividade profesional.

– CA2.3. Describíronse os equipamentos de protección individual segundo os riscos da actividade profesional e as normas da empresa.

- CA2.9. Valorouse a importancia da actividade dun traballador coa súa categoría profesional e a necesidade de adaptación aos cambios de tarefas.

RA5. Coordina e supervisa os traballos de xestión das masas forestais, para o que analiza os factores técnicos e as actuacións

– CA5.9. Indicouse como se realizaría a supervisáronse e manexáronse instalacións, maquinaria, equipamentos e ferramentas.

– CA5.10. Describiuse a normativa ambiental, a específica de traballos forestais e a de prevención de riscos laborais.

Critérios de avaliación correspondentes ao módulo FCT para a Opción C: Ampliación do proxecto con outro produto ou servizo

RA1. Identifica a estrutura e a organización da empresa, tendo en conta a súa relación coa produción e a comercialización dos produtos que obtén.

– CA1.3. Identificáronse os elementos que constitúen a rede loxística da empresa:

provedores, clientes, sistemas de produción e almacenaxe, etc.

– CA1.4. Identificáronse os procedementos de traballo no desenvolvemento da prestación de servizo.

– CA1.5. Valoráronse as competencias necesarias dos recursos humanos para o desenvolvemento óptimo da actividade.

– CA1.6. Valorouse a idoneidade das canles de difusión máis frecuentes nesta actividade.

RA2. Aplica hábitos éticos e laborais no desenvolvemento da súa actividade profesional, de acordo coas características do posto de traballo e cos procedementos establecidos na empresa.

– CA2.2. Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais e os aspectos fundamentais da lei de prevención de riscos laborais de aplicación na actividade profesional.

RA6. Controla e vixía o medio natural e o dominio público, para o que interpreta os métodos e as técnicas:

no caso de que se trate de aproveitamento e conservación de espazos naturais:

- CA6.2. Supervisáronse as actividades dos visitantes
- CA6.3. Supervisouse a ocupación ou o aproveitamento do dominio público hidráulico e marítimo-terrestre.
- CA6.5. Supervisáronse os equipamentos para a conservación do medio natural.
- CA6.6. Interpretáronse proxectos de obra no medio natural.
- CA6.7. Seguíronse os protocolos de actuación ante un episodio de contaminación no medio físico de espazos naturais.
- CA6.9. Aplicouse a normativa ambiental, a específica de dominio público, a de montes, a de patrimonio, a de benestar animal, a de contaminación no medio natural, a de obras e a de prevención de riscos laborais.

RA7. Organiza e xestiona os aproveitamentos forestais tendo en conta a relación entre as técnicas e os métodos, e o plan de aproveitamento: no caso de aproveitamento de colmeas, setas, extracción de resina, produción de castañas, colleita de plantas aromáticas e/ou medicinais, ornamentais ou de floraria, aproveitamento de biomasa ou aproveitamento de pasteiros ou cereais .

- CA7.1. Coordináronse os recursos humanos e materiais na organización dos traballos de aproveitamento forestal.

Entre os criterios seguintes 7.3 a 7.9 terase en conta o axeitado á produción ou servizo complementario escollida:

- CA7.3. Planificáronse as operacións de descascamento.
- CA7.4. Supervisáronse as operacións de resinación, recollida, medición e desemboscamento da mera.
- CA7.5. Controlouse a extracción de piñas, castañas e outros froitos e sementes.
- CA7.6. Organizouse a colleita de plantas aromáticas e medicinais, e de materiais ornamentais de floraría.
- CA7.7. Supervisouse a recolección dos fungos comestibles silvestres.
- CA7.8. Supervisáronse os traballos de mellora e conservación dos pasteiros.
- CA7.9. Planificouse o corte da biomasa.

- CA7.10. Aplicouse a normativa específica de aproveitamentos forestais, a de certificación forestal e a de prevención de riscos laborais.

RA9. Organiza e realiza os traballos de protección sanitaria das masas forestais aplicando os métodos e técnicas establecidas.

- CA9.2. Coordináronse e organizáronse os recursos humanos e materiais na programación e na aplicación do control fitosanitario
- CA9.7. Supervisáronse e aplicáronse os métodos físicos e biolóxicos para manter o equilibrio do agrosistema.

- CA9.8. Aplicouse a normativa ambiental, a de produción integrada, a ecolóxica, a específica das actividades que se vaian realizar e a de prevención de riscos laborais.

Tendo en conta o establecido na *Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial o traballo que se presente debe incluír os RA e CA dos módulos de “proxecto” e “formación en centros de traballo” (FCT) e dado que, algúns dos criterios de avaliación do módulo de FCT, non é posible realizalos sen acudir a unha empresa, procedeuse a modificación de algúns deles e a supresión de outros.*

5.- COORDINACIÓN DO TRABALLO POR PARTE DO PROFESORADO:

Tíñase establecido o seguinte HORARIO TUTORÍAS:

Venres cada 15 días.

Días:

Abril: 17.

Maio: 8 e 22.

Xuño: 5.

Sen embargo, e debido á crise sanitaria, a tutoría será de maneira preferentemente telemática, plantexando as dúbidas ou mostrando o traballo realizado ata o momento a través de correo electrónico. Tamén son posibles consultas telefónicas e si é preciso e a situación o permite mediante tutorías presencias no centro concertando cita previa.

De acordo co establecido na, *RESOLUCIÓN do 26 de xullo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2019/20*: Os traballos que vaian desenvolver os alumnos e as alumnas serán coordinados polo profesorado con atribución docente no módulo de Proxecto, preferentemente o que estea a impartir docencia no segundo curso do ciclo formativo.

Os profesores que levarán principalmente a supervisión e atención ós alumnos serán:

- Para o proxecto técnico, o responsable do módulo de proxecto e Xefe de departamento e o profesor do módulo de Xestión Silvícola o tratarse de proxectos de repoboacións forestais.

- Para o documento complementario ó proxecto técnico: o profesor que exerce a tutoría de FCT en coordinación co responsable do módulo de proxecto.

6- CUALIFICACIÓN

Nos ciclos de grao superior derivados da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a avaliación do módulo de FCT e do módulo de Proxecto realizarase de conformidade co disposto no artigo 26.1 e 26.2 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, de modo que a realización dos módulos con carácter integrado derivará na cualificación do módulo de Proxecto de maneira numérica, entre un e dez, sen decimais, e a cualificación do módulo profesional de Formación en centros de traballo cualificarase como “apto/a” ou “non apto/a”, e non se terá en conta para calcular a nota media do expediente académico.

Para obter a cualificación de apto no módulo de FCT o proxecto e mais o documento complementario ó proxecto deberán comprender os C.A e R.A correspondentes a ó módulo de FCT indicados nos apartados anteriores.

O profesor ou a profesora responsables do módulo encargaranse de asinar as actas de avaliación finais coas cualificacións obtidas por cada alumno ou alumna, de acordo coa valoración efectuada polo equipo docente, tal é como se recolle na *RESOLUCIÓN do 26 de xullo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2019/20.*

7. PROCEDEMENTO EN CASO DE NON ACADAR AVALIACIÓN POSITIVA

Se o resultado da avaliación non fose unha cualificación positiva, o alumnado poderá completar ou modificar o proxecto para a súa presentación, avaliación e cualificación na seguinte convocatoria extraordinaria do curso. Para iso contará coa orientación do profesorado que teña asignada a tutoría individual.

No caso do módulo de formación en centros de traballo, de acordo coa *Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia*, corresponde a persoa que realice a tutoría de FCT Avaliar e cualificar o módulo de FCT.